

ANEXO II

INFORME DE SEGUIMENTO DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR\*

A.- DATOS DO CENTRO:

DENOMINACIÓN:		LOCALIDADE E CONCELLO:	
TITULARIDADE:	PÚBLICA <input type="checkbox"/> PRIVADA <input type="checkbox"/>	Número total de unidades/grupos..... <input type="text"/>	

B.- RESUME DO RESULTADO DAS VOTACIÓNS:

NÚMERO DE ELECTORES CENSADOS POR CADA SECTOR				RESULTADOS POR CADA SECTOR														
PROFESORES	PAIS	ALUMNOS	ADMÓN. E SERVIZOS	PROFESORES			PAIS			ALUMNOS			PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS					
				VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS	VOTANTES			

C.- COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO:

	PROFESORES	PAIS	ALUMNOS	PERSONAL DE ADMÓN. E SERVIZOS	REP. DO CONCELLO	REP. DAS EMPRESAS
Composición legal do Consello Escolar, segundo se recolle no Decreto 374/1996, Decreto 324/1996, Decreto 7/1999, Orde do 28/8/1996, Orde do 29/10/1996.						
Composición real do Consello Escolar constituído despois do proceso que se regula na Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa do 11/09/2006.						

D.- NO CASO DE NON CONSTITUIRSE O CONSELLO ESCOLAR, SINALE AS CAUSAS:

--

Vº e prace  
O/a director/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

O/a Secretario/a

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2006  
Asdo.: \_\_\_\_\_

\* Remitir á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Servizo Provincial de Inspección Educativa) antes do día 20 de decembro de 2006.

*Resolución do 12 de setembro de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario.*

A Orde do 10 de decembro de 1997 (DOG do 18 de decembro) creou e regulou as xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

A Orde do 11 de novembro de 1999 (DOG do 10 de decembro) creou e regulou a Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario e modificou a devandita Orde do 10 de decembro de 1997.

A Resolución do 4 de febreiro de 1998 (DOG do 18 de febreiro), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, recolle no seu artigo 1º que a elección dos directores que formarán parte das citadas xuntas provinciais se efectuará nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coincidindo coa renovación dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Resolución do 17 de novembro de 2000 (DOG do 28 de novembro), conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario, recolle no seu artigo 1 que a elección dos directores que formarán parte da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario se efectuará a continuación do proceso de renovación das xuntas provinciais de directores, nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Resolución do 25 de setembro de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario modificou, na súa disposición adicional única, o parágrafo 3º do artigo 4 da antedita Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

Por corresponderlle no curso 2006-2007 a renovación dos consellos escolares dos centros docentes

non universitarios sostidos con fondos públicos, esta dirección xeral, en uso das atribucións expresadas na disposición derradeira primeira da Orde do 10 de decembro de 1997 e na disposición derradeira primeira da Orde do 11 de novembro de 1999,

**RESOLVE:**

**Artigo 1º.-Convocatoria.**

1. Correspóndelle ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a convocatoria, na súa respectiva provincia, das eleccións dos directores que formarán parte da Xunta Provincial de Directores de Centros de Ensino non Universitario e da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario.

2. En cada convocatoria provincial figurarán as vacantes para cubrir no correspondente proceso electoral.

**Artigo 2º.-Prazo.**

As eleccións efectuaranse no primeiro trimestre do curso académico 2006-2007, de tal xeito que:

a) A constitución das xuntas provinciais se leve a cabo antes do día 30 de novembro de 2006.

b) A constitución da Xunta Autonómica se leve a cabo antes do día 20 de decembro de 2006.

**Artigo 3º.-Procedemento.**

1. A regulación do procedemento de elección dos membros das xuntas provinciais de directores, e a constitución e funcións das xuntas electorais seguirá o establecido na Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa (DOG do 18 de febreiro), sen prexuízo do establecido na disposición adicional única da Resolución do 25 de setembro de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario.

2. A regulación do procedemento de elección dos membros da Xunta Autonómica de Directores seguirá o establecido na Resolución do 17 de novembro de 2000, conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa (DOG do 28 de novembro).

*Disposición derradeira*

Única.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2006.

María José Pérez Mariño  
Directora xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 13 de setembro de 2006 pola que se homologa o contrato-tipo de compravenda de uva para a súa transformación en viño da denominación de orixe Ribeira Sacra para a campaña 2006-2007.*

Consonte a proposta elevada pola Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, relativa á solicitude de homologación dun contrato-tipo de compravenda de uva para a súa transformación en viño na zona de produción da denominación de orixe Ribeira Sacra, formulada polos representantes de Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores, Sindicato Labrego Galego, Adegas Via Romana, *Adegas Reginas Viarum, S.L.*, Adegas Rectoral de Amandi, *Adegas S.A.T.* Virxe dos Remedios, *Asoc. Adegueiros do Miño* e Adegas Moure.

De conformidade co disposto na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, e de acordo cos requisitos previstos no Real decreto 686/2000, do 12 de maio, polo que se aproba o seu regulamento e co fin de que os solicitantes podan dispoñer dun documento acreditativo da contratación de materia prima.

Tendo en conta que o ámbito de aplicación do contrato proposto non supera o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do artigo 149.3º da Constitución, que establece a supletoriedade do dereito estatal,

**DISPÓN:**

**Artigo 1º**

Homologar o contrato-tipo de compravenda de uva para a súa transformación en viño na zona de produción da denominación de orixe Ribeira Sacra, cuxo texto figura no anexo desta disposición.

**Artigo 2º**

O período de vixencia da homologación deste contrato-tipo será dun ano a partir da entrada en vigor desta orde.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

**ANEXO**

Contrato de compravenda de uva para a súa transformación en viño

..., ... de ... de 200...

**REUNIDOS**

Dunha banda D./Dña..., de agora en diante o/a vendedor/-a, con documento NIF/CIF nº ..., con